



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE XUÑO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Xuventude

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada autonómica LU-933, PQ 1+050 ao PQ: 1+840, ambos os dous incluídos, a prol do concello de Monforte de Lemos

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria da Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Decreto polo que se outorga unha concesión demanial de terreos afectos á construción do encoro da Baxe, no río Umia, en Caldas de Reis, á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santo André de Cesar e se establece unha taxa anual pola utilización privativa dos bens obxecto de concesión

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se nomea a Miguel Martín Fernández como director da Axencia Galega das Industrias Culturais

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Xinzo de Limia para a finalización das obras de construción e equipamento dunha escola infantil 0-3 municipal integrada na Rede Galega de Escolas Infantís 0-3 (Galescola)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGA FEAPS Galicia), para o programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual residentes na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de atención a persoas con discapacidade en áreas rurais de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de formación profesional das persoas con discapacidade física que residan na Comunidade Autónoma de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para o financiamento do programa de formación ocupacional que se impartirá no centro Fingoi (Lugo) dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas que residan na Comunidade Autónoma de Galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a University of Birmingham (Reino Unido) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as sociedades de garantía recíproca Afigal e Sogarpo para facilitar o financiamento das pequenas e medianas empresas con centros de actividade na Comunidade Autónoma de Galicia



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de 36.683.236,68 euros, correspondente ao proxecto construtivo Sarria- Monforte, treito A Áspera- Monforte de Lemos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Ourense, para actuacións en estradas autonómicas do Concello de Ourense
- Acordo polo que se autoriza a ampliación de compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da Orde do 14 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca *NoiteBús* con cargo ao capítulo IV do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autorizan compromisos de gastos de carácter plurianual na orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia conducentes ao título de máster

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e *Gas Galicia SDG, S.A.* para o desenvolvemento da IV Fase de gasificación de Galicia
- Acordo polo que se autoriza a subscrición da addenda 2008 ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do *Programa Cidadanía Dixital* no ámbito do *Plan Avanza*

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se aproba o acordo sobre as condicións de traballo de persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galicia do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión en Galicia “As vítimas, os nomes e os lugares” (3ª fase)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade da Coruña e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2008 e o primeiro semestre de 2009, por un importe dun millón cento cincuenta e sete mil trinta e nove euros con dezaoito céntimos (1.157.039,18 euros)
- Acordo polo que se autoriza o acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, para o segundo semestre de 2008 e o primeiro semestre de 2009, por un importe total de oitenta e catro mil setecentos oitenta euros con setenta e dous céntimos (84.780,72 euros)
- Acordo polo que se autoriza o terceiro acordo de prórroga do concerto suscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para o segundo semestre de 2008 e o primeiro de 2009, por un importe total de cinco millóns douscentos oitenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con cincuenta e oito céntimos (5.285.916,58 euros)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do concello de Pontevedra. Fase I, por importe de cinco millóns setecentos catorce mil douscentos oitenta e cinco euros con setenta e un céntimos (5.714.285,71 euros)
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello da Illa de Arousa para a rehabilitación do contorno da praia do Bao, por importe de douscentos mil euros (200.000 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Muíños para a execución da obra de actuacións de saneamento na Comunidade Autónoma. Abastecemento, saneamento e estación depuradora de augas residuais en Mugueimes. Muíños (Ourense), por importe de seiscentos noventa e cinco mil euros (695.000 euros)



APROBADO O DECRETO QUE CREA E REGULA O OBSERVATORIO GALEGO DA XUVENTUDE

- ***Nace así o órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento das políticas de xuventude***

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe o decreto polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Xuventude. O decreto ten por obxecto crear e regular este Observatorio como órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento das políticas de xuventude, que se adscribirá ao departamento responsable en materia de xuventude.

Os obxectivos básicos do Observatorio Galego da Xuventude serán os de realizar estudos, informes e análises das necesidades e demandas da realidade da mocidade galega en cada momento, e ao mesmo tempo, avaliar o impacto das políticas destinadas á mocidade que poña en marcha a Xunta de Galicia.

Funcións

O decreto aprobado hoxe recolle as funcións que terá o Observatorio Galego da Xuventude. Será o órgano encargado de realizar estudos e investigacións que permitan afondar máis e mellor na realidade xuvenil galega, como paso previo e indispensable para deseñar unhas políticas xuvenís o máis efectivas posible. Nestes estudos e investigacións introducirá ademais a perspectiva de xénero. Recompilará a información que, de xeito directo ou indirecto, poida reflectir a realidade xuvenil galega. Asesorará sobre a mocidade galega a outras institucións ou centros e realizará procesos de avaliación das políticas sociais dirixidas á poboación xuvenil.

O Observatorio Galego da Xuventude terá tamén como función a realización de propostas con base nos estudos e avaliacións realizadas, que favorezan a toma de decisións. Creará un fondo de documentación que favoreza a promoción de actividades de formación e información. Publicará e difundirá os diferentes estudos e investigacións realizados, e, por último, elaborará un informe anual sobre a mocidade galega.

Estrutura

O Observatorio Galego da Xuventude estará composto por unha presidencia, unha vicepresidencia, un secretario/a e os vogais. A presidencia ocupará a persoa titular do departamento competente en materia de xuventude e a vicepresidencia residirá na persoa titular da dirección xeral competente en materia de xuventude.

O secretario/a será un funcionario ou funcionaria da dirección xeral competente en materia de xuventude, con categoría de subdirector/a xeral, pero sen voto. Os vogais serán un representante de cada consellería que de forma transversal teña actuacións que afecten a mocidade galega, un representante do Instituto Galego de Estatística, un representante de cada unha das tres universidades galegas, un representante da FEGAMP e un representante do Consello da Xuventude de Galicia.



Coa creación do Observatorio Galego da Xuventude, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar pretende darlle forma a un instrumento destinado á realización de estudos que permita a aplicación de políticas de xuventude que respondan ás necesidades e demandas de cada momento. Deste xeito a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar é consciente da importancia de crear órganos de participación, investigación e asesoramento que faciliten o desenvolvemento de políticas para a mellora da calidade de vida da mocidade de Galicia.



A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS A TITULARIDADE DUN TREITO DA ESTRADA LU-933

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade a favor do Concello de Monforte de Lemos dun treito da estrada Monforte-A Rúa (LU-933) ao seu paso polo núcleo urbano de Monforte de Lemos. Trátase dun treito de 800 metros que vai desde o cruzamento da avenida de Galicia coa rúa Cardenal ata o cruzamento coa rúa Roberto Baamonde e desde este punto ata as vías do tren.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características urbanas ou que pertencen a treitos antigos de estradas nas cales se fixeron variantes de trazado.

Neste caso, o treito obxecto de transferencia ten características urbanas xa que posúe beirarrúas en todo o seu percorrido, edificacións e conta con servizos urbanos (saneamento, iluminación...).

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas e co acordo do Concello de Monforte de Lemos que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación do devandito treito.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PRODUCCIÓN ELÉCTRICA A PARTIR DA BIOMASA

- ***Galicia convértese na primeira comunidade autónoma en regular o aproveitamento enerxético da biomasa forestal primaria***
- ***A Consellería de Innovación e Industria convocará mediante unha orde o prazo para a presentación de solicitudes de autorización destas instalacións***
- ***O obxectivo marcado polo Plan enerxético galego deica 2012 é a instalación dun máximo de 80 MW eléctricos a partir de biomasa forestal primaria***
- ***O texto recolle unha potencia máxima para cada unha das plantas de produción eléctrica de 10 MW***

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria. Con esta normativa, desenvolvida pola Consellería de Innovación e Industria, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma do Estado en regular o aproveitamento enerxético deste tipo de biomasa, procedemento ata o de agora rexido pola normativa básica do Estado.

O decreto, consultado e consensuado co sector, nace co obxectivo fundamental de ordenar a implantación destas instalacións de forma que se acaden os obxectivos de produción marcados dentro do Plan enerxético de Galicia, que prevé, deica 2012, instalar un máximo de 80 MW eléctricos a partir de biomasa forestal primaria.

A posta en valor da biomasa forestal primaria que persegue este decreto busca reducir a dependencia enerxética do exterior poñendo en valor o residuo forestal existente no monte galego. Pretende, ademais, diversificar as fontes de enerxía primaria e contribuír a unha política forestal onde a prevención de lumes estea estritamente vinculada aos labores de prevención a través da limpeza dos montes e o aproveitamento enerxético dos residuos.

As áreas de xestión e os plans empresariais de aproveitamento da biomasa

O decreto recolle a existencia de áreas de xestión de biomasa, que serán definidas en función da potencialidade do recurso e da loxística da subministración. Estás estarán integradas por un conxunto de concellos que serven de base territorial para un plan empresarial de aproveitamento da biomasa e para a construción e funcionamento dunha central de biomasa.

O Plan empresarial de aproveitamento da biomasa, formulado polas empresas promotoras, é un conxunto planificado de actividades destinadas á mobilización da biomasa para a súa valorización enerxética nunha determinada área xeográfica. Comprende desde os sistemas de obtención e recollida do recurso no monte para garantir a súa sustentabilidade, as formas de relación coas produtoras de biomasa e coas



operadoras de biomasa e as posibles intervencións no monte, as necesidades de infraestruturas ou melloras na área de xestión da biomasa. Inclúe, ademais, os sistemas ou procedementos de medición da biomasa, os sistemas de seguimento da orixe da biomasa, o procedemento para o establecemento do prezo da biomasa e a forma de entrada nos parques de biomasa, co obxecto de fornecer esta da materia prima necesaria para o seu funcionamento. Inclúe tamén os acordos necesarios para a súa obtención e a garantía da súa dispoñibilidade no tempo.

Procedemento de autorización

O novo decreto regula, dun xeito sustentable e ordenado, o procedemento de autorización das plantas de biomasa, detallando a documentación e requisitos que deben conter as solicitudes, os informes previos necesarios e o procedemento administrativo para a autorización e posta en marcha das instalacións. A Consellería de Innovación e Industria convocará mediante unha orde un prazo de presentación de solicitudes de autorización para estas instalacións e, logo dos informes previos da consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente, resolverá a súa admisión a trámite.

O texto recolle unha potencia máxima para cada unha das plantas de 10 MW, establecéndose, en todo caso, a súa potencia no proxecto de execución en función da dimensión da área de aproveitamento e doutros factores. Pola súa banda, segundo establece o proxecto de decreto, a localización deste tipo de instalacións deberá sempre ter xustificada a súa proximidade a un punto de interconexión coa rede de transporte ou distribución con capacidade para absorber a enerxía eléctrica producida na central de biomasa, deberá contar con cualificación urbanística compatible e, de ser o caso, dispoñibilidade da auga para o proceso produtivo.



A XUNTA CEDE Á COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS O USO DE TERREOS CONTIGUOS AO ENCORO DO UMIA, EN CALDAS DE REIS, PARA CONSTRUIR UN ÁREA DE LECER

- ***O Goberno galego aprobou hoxe o decreto mediante o que se outorga a cesión por 50 anos, prorrogables, de predios que no seu día foron expropiados para a construción do encoro***
- ***A Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santo André, a quen se fai a cesión, deberá aboar unha taxa anual, posto que das actuacións previstas, entre elas un local destinado a cafetería e restaurante, deriva unha utilidade económica***
- ***O canon, de carácter anual, establécese, segundo a normativa vixente, no 2 por cento do valor actualizado dos terreos afectados, 1.189 euros ao ano***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se outorga unha concesión demanial, é dicir, unha cesión de uso temporal, de terreos contiguos ao encoro no río Umia da Baxe, en Caldas de Reis, que foron expropiados en 1996 para a construción deste encoro. De feito, no propio decreto de expropiación forzosa xa se prevía a creación dunha área recreativa nestas parcelas contiguas ao encoro.

A orde aprobada hoxe recolle a cesión á Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Santo André de Cesar dos predios durante un período de 50 anos, prorrogables. A concesión destes terreos de dominio público hidráulico faise a cambio dunha taxa anual, posto que das actuacións previstas, entre elas un local para cafetería-restaurante, deriva unha utilidade económica. Este canon, tal e como fixa a normativa, corresponderá co 2 por cento do valor actualizado dos bens e dereitos afectados pola expropiación, que, neste caso en concreto, ascenderá a 1.189 euros anuais.

A concesión ten como finalidade a construción dunha área recreativa nos citados terreos, cuxo proxecto de obras será autorizado, con carácter previo, por Augas de Galicia. Así mesmo, o concesionario quedará obrigado a comunicarlle a este organismo as datas de comezo e finalización das obras, así como un informe detallado delas. A área de lecer localízase no lugar de Paradivas, nas inmediacións do encoro do río Umia.

Así mesmo, nas condicións da cesión establécese que o uso da concesión se deberá suxeitar ás medidas que en relación coa utilización do dominio público hidráulico poida adoptar o Goberno ou órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de superar problemas derivados de secas extraordinarias ou estados similares de urxencia.



MIGUEL MARTÍN É NOMEADO DIRECTOR DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

- ***Ata agora ocupaba o cargo de xerente do IGAEM, organismo ao que substitúe AGADIC, de nova creación***
- ***A Axencia é o organismo da Consellería de Cultura para o apoio á produción e distribución do conxunto das industrias culturais***

Miguel Martín Fernández foi nomeado hoxe director da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), por proposta da conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia. Martín dirixirá o organismo que substitúe o IGAEM, do que ata o de agora era xerente.

Miguel Martín Fernández é licenciado en socioloxía e en ciencias políticas pola Universidade Complutense de Madrid e diplomado en administración e dirección de empresas pola UNED, ademais de máster en organización de servizos de orientación profesional para a inserción laboral e o emprego pola Universidade de Santiago.

A súa carreira profesional desenvolveuse integramente como xestor na Administración pública e desde 2004 ocupou o cargo de técnico superior de Servizos Sociais do Concello da Coruña, ademais de atender labores docentes no máster en Estudos da Unión Europea da Universidade da Coruña.

Foi tamén coordinador do Proxecto Equal Coruña Solidaria; técnico local de emprego do Concello de Ferrol; titulado superior sociólogo na Consellería de Familia e Promoción do Emprego e na Consellería de Traballo e Servizos Sociais. Traballou na Asociación Chavós e foi director da Casa de Oficios do INEM Chavorré Calé para a integración da comunidade xitana. Desde novembro de 2005 exerceu como xerente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM).

A Lei de creación da AGADIC foi aprobada no Parlamento de Galicia o 13 de maio. AGADIC substitúe o IGAEM e estende o seu raio de acción para funcionar como verdadeiro organismo de apoio á produción e distribución do conxunto das industrias culturais. O obxectivo da AGADIC é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para ter empresas con ingresos suficientes e estables, fomentando a creación e comercialización de bens e servizos culturais de calidade e favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A Axencia tamén pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, á vez, aumentar a exportación.

Os destinatarios da Axencia son as empresas culturais privadas dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais incorporados en calquera clase de soporte, así como de espectáculos en vivo. Coa creación de AGADIC impúlsanse en paralelo as dimensións social, artística e patrimonial da cultura mediante



unha especialización da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural nos ámbitos do apoio á creación artística e á dinamización da base sociocultural da cultura galega.



O GOBERNO GALEGO DESTINARÁ MÁIS DE 188.000 EUROS PARA REMATAR AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL DE XINZO DE LIMIA E DOTALA DE EQUIPAMENTO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de cooperación que subscribirán a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Xinzo de Limia***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Concello de Xinzo de Limia para rematar as obras de construción e proceder ao equipamento dunha escola infantil neste municipio ourensá. Ao abeiro deste acordo a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta destinará un total de 188.918 euros para a finalización das obras e a dotación de equipamento.

Segundo se establece no convenio de cooperación, a nova escola infantil será integrada na Rede Galega de Escolas Infantís *Galescola* e participará dos plans e proxectos de mellora da calidade que se desenvolvan ao abeiro desta rede. Así, a nova escola infantil de Xinzo de Limia será xestionada a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o que garante unha xestión integral dun servizo para as familias nun marco axeitado para a atención, educación e formación da primeira infancia.

A extensión e mellora na calidade das escolas infantís para nenos e nenas de cero a tres anos constitúe un elemento estratéxico para a sociedade galega no seu conxunto, na medida en que incide directamente, por unha banda, nos dereitos dos nenos e no seu desenvolvemento socioeducativo e, por outra, no feito en que supón un recurso a prol da corresponsabilidade e da conciliación da vida laboral, persoal e familiar.



A XUNTA COLABORARÁ CON FADEMGGA-FEAPS GALICIA NO PROGRAMA DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE GALICIA

- ***A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar vai investir 230.000 euros nesta iniciativa***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Federación de Asociacións en favor das persoas con discapacidade intelectual de Galicia (FADEMGGA FEAPS GALICIA) para o programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual residentes en Galicia. O departamento autonómico investirá 230.000 euros nesta iniciativa.

A través deste convenio, FADEMGGA vai desenvolver o programa de atención ás persoas con discapacidade intelectual, que inclúe: apoio e respiro ás familias de persoas con discapacidade intelectual, apoio ás persoas con discapacidade intelectual en situación de exclusión ou desvantaxe social e implantación da cultura e estratexia precisas para a mellora da calidade.

Apoio e respiro ás familias

Mediante o apoio e respiro ás familias de persoas con discapacidade intelectual preténdese mellorar a calidade de vida das familias, proporcionándolles os apoios necesarios, con accións dirixidas a dar información, formación e axuda e tratando de favorecer a creación dun ámbito familiar apropiado e integrador.

Dentro desta iniciativa de apoio e respiro ás familias existen dúas áreas de intervención: o servizo de respiro familiar e o servizo de apoio familiar. Co respiro familiar búscase favorecer a permanencia das persoas con discapacidade no seu ámbito familiar, aliviando a sobrecarga da súa familia ao ofrecerlles estancias curtas, máis longas ou de fin de semana en centros e tamén ao ofrecerlles servizos específicos e apoios puntuais no domicilio familiar.

O servizo de apoio familiar consiste no desenvolvemento de accións de apoio ás familias que favorezan actitudes e condicións de cara á integración familiar e á mellora da calidade de vida de todos, persoas con discapacidade e familias. Entre estas accións inclúense escolas de pais, grupos de formación de pais, servizos de acollida, actividades lúdicas, xornadas de convivencia ou asesoría xurídica.

Outra das actuacións deste programa é o apoio ás persoas con discapacidade intelectual en situación de exclusión ou desvantaxe social, adultos independentes, envellecemento prematuro, integración social de reclusos e ex-reclusos, así como programa de vacacións e programas complementarios ao emprego.



Por último, o terceiro eixe do programa é a implantación da cultura e estratexias precisas para a mellora da calidade. Neste punto fomentárase a formación de técnicos e directivos, o apoio e reforzo para a realización e implantacións de plans estratéxicos e de calidade, así como a mellora das ferramentas informativas.



O GOBERNO AUTONÓMICO COLABORARÁ CON COGAMI NA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA

- ***O Consello da Xunta autorizou dous convenios coa Confederación Galega de Minusválidos para o financiamento de programas formativos cun orzamento de preto de 600.000 euros***
- ***Autorizado tamén outro convenio con COGAMI para o financiamento dun programa de atención a persoas con discapacidade en áreas rurais de Galicia por un importe de 400.000 euros***

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI) para o financiamento do programa de formación profesional e inclusión social de persoas con discapacidade física de Galicia así como para financiar o programa de atención a persoas con discapacidade en áreas rurais de Galicia. A estas tres actuacións a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar destina preto dun millón de euros.

O primeiro destes convenios refírese ás actividades que se realizarán durante o ano 2008 e que irán dirixidas ás persoas con discapacidade física cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33%. Todas elas centraránse na formación profesional destas persoas e terán actuacións complementarias de orientación que fomenten a súa inserción laboral, procurando especialmente incrementar a participación na formación e o emprego de mulleres con discapacidade.

Para levar a cabo os obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará un total de 427.516 euros. Deste importe o 80% corresponde a fondos da Unión Europea, e o 20% restante a fondos da Comunidade Autónoma. Esta cantidade destinarase a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para desenvolver as actividades formativas. Pola súa banda, COGAMI deberá enviar á Dirección Xeral de Acción Social a relación de beneficiarios de cada curso, ademais de someterse ás actuacións de control e inspección que se efectuarán.

Así mesmo, o Consello autorizou un segundo acordo entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e COGAMI para financiar o programa de formación ocupacional que se impartirá no centro Fingoi que COGAMI ten en Lugo, dirixido a persoas con discapacidade física gravemente afectadas. As accións incluídas no programa fomentarán a inserción laboral destas persoas optimizando e mantendo as súas capacidades e procurando sobre todo a participación de mulleres. Estas actividades encádranse no Proxecto do Programa Operativo do Fondo Social Europeo para o período 2007-2013. A elas a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar asignoulles un importe de 156.500 euros, dos que o 80% corresponden a fondos europeos e o resto a fondos da comunidade autónoma.



Atención da discapacidade física no rural

Mediante o terceiro dos convenios coa Confederación Galega de Minusválidos (COGAMI), autorizados hoxe polo Consello da Xunta, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar financiará un programa para a atención de persoas con discapacidade física que se centrará preferentemente en áreas do rural galego, concretamente nas comarcas da Coruña, Ferrolterra, Muros, Arzúa e Melide, Dubra, Lugo, Ulloa, A Mariña, Vigo, Pontevedra, Baixo Miño, Deza e Tabeirós.

O obxecto deste programa, ao que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dedica 400.000 euros, é mellorar a autonomía destas persoas e favorecer a integración social e laboral deste colectivo na sociedade. Para isto, acometeranse accións encamiñadas a informar, asesorar e formar as persoas con discapacidade física e as súas familias e á posta en marcha de accións de sensibilización da sociedade sobre a problemática destas persoas con discapacidade. Tamén se organizarán actividades de ocio e tempo libre para as persoas con discapacidade e se dará asesoramento de cara á inserción laboral deste colectivo. O convenio tamén permitirá a planificación de actividades de mellora de capacidades físicas e cognitivas, como poden ser as de fisioterapia, natación terapéutica, ximnasia preventiva, habilidades sociais, comunicativas e de autonomía.



A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE BIRMINGHAM RENOVAN O ACORDO PARA A DIFUSIÓN EXTERIOR DA LINGUA E A CULTURA GALEGAS

- ***A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a institución académica danlle continuidade ao convenio de colaboración existente entre as dúas entidades para a docencia, a investigación e a promoción do galego***
- ***O acordo ten unha vixencia de catro anos, durante os cales Política Lingüística fará unha achega de 75.000 euros para contribuír á realización das actividades***

A Secretaría Xeral de Política Lingüística renovou o acordo de colaboración que mantén coa Universidade de Birmingham para promover a docencia, a investigación e promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas nesa institución académica. O Consello da Xunta aprobou hoxe este novo convenio, que establece a realización de diversas actividades.

Mediante o acordo, a Universidade de Birmingham comprométese a incluír nos seus plans de estudo a oferta docente de lingua galega I, como materia anual e optativa para os alumnos de primeiro curso, lingua galega II, tamén anual e optativa para os alumnos de segundo curso, e lingua galega IV, para os alumnos de cuarto curso.

O Seminario de Estudos Galegos do Departamento de Estudos Hispánicos tamén acollerá diversas actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, a literatura e a cultura galegas, como conferencias, seminarios, congresos e outros eventos, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia.

O profesor lector de galego integrarase no cadro de persoal da universidade, e será o encargado de materializar as actividades que se organicen.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística fará unha achega de 75.807 euros dividida en catro achegas anuais, durante a vixencia deste acordo, que vence en 2011.

Na actualidade, a lingua e a cultura de Galicia están presentes en 45 universidades de todo o mundo grazas aos acordos promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Un total de 36 profesores lectores desenvolven a súa tarefa docente nestes centros.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 6 MILLÓNS DE EUROS ÁS SOCIEDADES DE GARANTÍA RECÍPROCA GALEGAS PARA O FINANCIAMENTO DE PEMES

- *As sociedades Afigal e Sogarpo avalarán préstamos destinados a financiar investimentos de pequenas e medianas empresas por importe de 30 millóns de euros, mediante proxectos de creación, ampliación ou modernización que atopen problemas para obter financiamento bancario*
- *As sociedades de garantía recíproca permiten que as pemes accedan a préstamos que normalmente non poderían acadar por falta de garantías*

O Consello da Xunta acordou autorizar na súa reunión desta mañá un convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) –dependente da Consellería de Economía e Facenda- e as Sociedades de Garantía Recíproca (SGR) galegas Afigal e Sogarpo co obxectivo de facilitar os investimentos das pequenas e medianas empresas (pemes) galegas e reforzar a capacidade de xestión e afianzamento das SGR galegas.

No marco deste convenio de colaboración, o Igape fará unha achega de ata 6 millóns de euros para reforzar os fondos das sociedades de garantía recíproca Afigal e Sogarpo, o que lles permitirá avalar préstamos destinados a financiar investimentos de pemes galegas, por importe de 30 millóns de euros, mediante proxectos de creación, ampliación ou modernización que atopen problemas para obter financiamento bancario. Neste sentido, a achega do Igape permitirá incrementar a súa actividade e, polo tanto, facilitará a obtención de financiamento por parte das pemes galegas.

O convenio ten como obxectivo facilitar o financiamento de proxectos de investimento empresarial que contribúan á mellora da competitividade daquelas pemes que desexan medrar e mellorar. A través destas compensacións ás sociedades de garantía recíproca, o Igape fará posible que estas empresas dispoñan de créditos avalados na súa totalidade e cunhas condicións de xuros moi vantaxosas. Neste sentido avánzase na estratexia de promoción empresarial e potenciación dos instrumentos de apoio financeiro desenvolvida pola Consellería de Economía e Facenda e orientada a reforzar os apoios ao investimento, fomentar a cooperación empresarial e a internacionalización, e impulsar a competitividade e produtividade das empresas e a creación de emprego.

As sociedades de garantía recíproca xogan un papel dinamizador de especial importancia no actual momento de ralentización da actividade económica; a intervención das SGR como avalistas fai posible que as pemes accedan a préstamos que, nun mercado financeiro máis restritivo, non poderían acadar por falta de garantías. A Xunta de Galicia e o IGAPE participan conxuntamente como socios protectores nas sociedades de garantía desde a súa creación. Por iso resulta de especial interese incrementar os fondos de reserva destas sociedades participadas, para mellorar así a súa capacidade de xestión e afianzamento e reforzar, polo tanto, o seu potencial como dinamizadoras do investimento das pemes galegas.



Afigal e Sogarpo, sociedades de garantía recíproca domiciliadas en Galicia, veñen desempeñando desde a súa creación un importante papel no tecido empresarial de Galicia, posibilitando o acceso ao crédito por parte das pequenas e medianas empresas galegas, mediante a prestación de avais ante entidades financeiras, e veñen demostrando gran solvencia e capacidade técnica, polo que aglutinan a práctica totalidade das operacións de afianzamento por SGR que se fan ás pemes en Galicia.



A XUNTA INVISTE 40 MILLÓNS DE EUROS NO PRIMEIRO TREITO DO CORREDOR SARRIA-MONFORTE, DUNS 10 QUILÓMETROS ENTRE A ÁSPERA E MONFORTE DE LEMOS

- ***O corredor, que estará preparado para o seu desdobramento futuro en autovía, terá 28,7 quilómetros e requirirá dun investimento de 122 millóns de euros***
- ***Esta infraestrutura dará continuidade ao corredor Nadela-Sarria, de 26 quilómetros, cuxas obras están xa moi avanzadas***
- ***Todo o eixo Nadela-Sarria-Monforte, con máis de 50 quilómetros, supón unha alternativa á estrada convencional LU-546, mellorando a súa seguridade viaria e a mobilidade do sur da provincia de Lugo.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un gasto de 36,6 millóns de euros para a construción do treito A Áspera-Monforte de Lemos, o primeiro en autorizarse do corredor Sarria-Monforte. Ademais deste gasto destinado á obra propiamente dita, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes dedicará outros 3 millóns de euros a expropiacións e traballos complementarios, polo que o treito acadará un investimento total duns 39,7 millóns de euros. Este treito ten unha lonxitude de 10,152 quilómetros, o que supón máis dunha terceira parte de todo o corredor, que terá 28,7 quilómetros e que requirirá dun investimento total de 122 millóns de euros.

O treito autorizado hoxe iníciase na estrada convencional Lugo-Sarria-Monforte (LU-546) ao norte de Monforte, xunto ao núcleo da Áspera. Ao longo do seu percorrido conta con conexións en Monforte norte (punto quilométrico 23,4 do corredor) e Monforte centro (p.q. 25,6) e remata enlazando coa actual circunvalación exterior de Monforte de Lemos. O corredor contará con dous carrís de 3,5 metros e dúas beiravías de 2,5 metro e as súas estruturas estarán preparadas para o seu desdobramento en autovía cando a intensidade do tráfico así o requira.

O Consello da Xunta autoriza o gasto para este treito logo de que xa fose aprobado o inicio das expropiacións para todo o corredor ao longo dos seus 28,7 quilómetros. Esta infraestrutura dará continuidade ao corredor Nadela-Sarria, de 26 quilómetros, cuxas obras están xa moi avanzadas. Todo o eixe Nadela-Sarria-Monforte, con máis de 50 quilómetros, supón unha alternativa á estrada convencional LU-546, mellorando a súa seguridade viaria e a mobilidade de todo o sur da provincia de Lugo.

O novo corredor Sarria-Monforte discurrirá polos concellos de Sarria, O Incio, Bóveda e Monforte de Lemos. Contará con sete enlaces, nove viadutos, vinte e un pasos superiores e 20 pasos inferiores.



A XUNTA DESTINA 8 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE URBANIZACIÓN E MELLORA DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS QUE COMUNICAN ZONAS PERIURBANAS DE OURENSE

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a CPTOPT e o Concello que ten como obxectivo a integración dos barrios periféricos da cidade***
- ***A Consellería de Política Territorial acometerá traballos para dotalos dos servizos e equipamentos necesarios e mellorar a seguridade viaria tanto para condutores como para peóns***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Ourense para acometer obras de urbanización e mellora das estradas autonómicas que comunican as principais zonas periurbanas de Ourense. Este convenio, que será asinado proximamente, ten como obxectivo lograr a integración dos barrios periféricos da cidade e os seus accesos dándolles un tratamento urbano do que agora carecen. É dicir, acometeranse traballos para dotalos dos servizos e equipamentos necesarios e mellorar a seguridade viaria tanto para condutores como para peóns, polo que se verán beneficiarios os barrios de San Francisco, Barrocás, A Granxa, Mariñamansa, Seixalbo, Santa Ana, A Chapa, Ervedelo, Vistahermosa, A Fonte, Reza, A Ponte, A Rabaza, Perdigón e A Carballeira.

Segundo o establecido no convenio, Política Territorial destina un total de oito millóns de euros repartidos en tres anualidades a redactar o proxecto técnico e executar as obras de mellora nun total de catorce travesías que xa forman parte da vía urbana da cidade e que, unha vez rematados os traballos, pasarán a ser titularidade municipal. Pola súa banda, o Concello de Ourense encárgase de poñer á disposición os terreos e xestionar os permisos e licenzas necesarios para as obras. Así mesmo, unha vez rematadas as actuacións, a consellería transferirá eses treitos ao concello, e este encargarse da súa conservación e mantemento.

As obras que se van acometer no marco do convenio autorizado hoxe son os seguintes:

- Acondicionamento da calzada, beirarrúas e servizos na rúa Emilia Pardo Bazán (OU-101)
- Urbanización rúa Seixalbo (OU-105)
- Melloras na rúa Ervedelo (OU-402)
- Mellora e acondicionamento da rúa Pena Trevinca e da rúa A Coruña (OU-100)
- Mellora de firme, beirarrúas e servizos na estrada OU-402, no cruzamento da OU-413 co límite do solo urbano
- Beirarrúas e mellora de firme na OU-413 entre o cruzamento da OU-402 co Seminario)
- Acondicionamento da rúa Bispo Lourenzo
- Acondicionamento de noiro e mellora do pavimento da calzada e beirarrúas na rúa Río Arnoia (OU-200)
- Arranxos no pavimento de calzada e beirarrúas da rúa Adrio Menéndez (OU-421), rúa Rei Soto (OU-421), rúa Vicente Risco (N-525 a) e avenida de Caldas (OU-420)



- Mellora do firme de calzada e construción de beirarrúas no tramo final da avenida de Zamora
- Mellora do pavimento da calzada e construción de beirarrúas na avenida de Buenos Aires e rúa Estrada de Ponferrada
- Mellora de pavimento da calzada e beirarrúas na rúa Celso Emilio Ferreiro (OU-611)
- Remodelación de beirarrúas e renovación de servizos na rúa Marcelo Macías, entre rúa Martínez Sueiro e rúa do Irrío (OU-540)
- Acondicionamento da calzada e beirarrúas para a mellora na distribución do tráfico na rúa do Progreso (OU-105)



O GOBERNO GALEGO INCREMENTA NUN 55 POR CENTO AS AXUDAS INICIAIS DE 4,2 MILLÓNS DESTINADAS A EMPRESAS E CONCELLOS PARA A IMPLANTACIÓN DO NOITEBÚS

- ***O Consello da Xunta autorizou un aumento de gasto de case 2,3 millóns co fin de atender todas as solicitudes presentadas, polo que a contía total de subvencións acada os 6,5 millóns de euros***
- ***A Consellería de Política Territorial autorizou, ata o día de hoxe, un total de 131 rutas de servizo de transporte nocturno que xa están en servizo ou ben o farán nos vindeiros meses***
- ***150.000 persoas utilizaron este servizo desde a súa creación, no verán de 2006***
- ***Este servizo enmárcase dentro das medidas do Plan Galego de Seguridade Viaria para que os mozos dispoñan dunha alternativa de transporte nocturno seguro nos seus desprazamentos a zonas de ocio***

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes incrementa en 2.226.000 euros a contía plurianual dotada inicialmente con 4,2 millóns de euros en concepto de axudas aos concellos e empresas de transporte para a implantación de rutas *Noitebús* en toda Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe á CPTOPT este aumento de gasto, que supón un incremento do 55 por cento sobre o previsto, co obxectivo de atender todas as solicitudes recibidas e que cumpren co establecido na Orde de axudas publicada no DOG do pasado día 29 de febreiro.

Coa ampliación de crédito aprobada hoxe, a CPTOPT pon á disposición de concellos e empresas case 6,5 millóns de euros para que establezan liñas *Noitebús* durante este ano e o primeiro semestre de 2009

O obxectivo desta liña de axudas –que pode acadar ata un máximo do 90 por cento do importe total do servizo planificado- é que o *Noitebús* se estenda xeográfica e temporalmente, de xeito que os servizos funcionen durante todo o ano no maior número de sitios posible.

Cómpre recordar que, ó abeiro da mencionada Orde de axudas, a Consellería de Política Territorial ven de autorizar, ata o día de hoxe, un total de 131 liñas do *Noitebús* (68 na provincia da Coruña, 14 en Lugo, 23 en Ourense e 26 en Pontevedra) que xa están funcionando ou ben entrarán en servizo nos vindeiros meses. Todas estas rutas correspóndense cunha primeira fase, xa que esta programación continúa aberta á incorporación de máis itinerarios a medida que a Dirección Xeral de Transportes resolva todas as solicitudes presentadas por concellos e empresas operadoras. Dentro destas 131 liñas atópanse rutas xa consolidadas ao longo de todo o ano, outras que funcionan de forma estacionaria durante determinadas épocas do ano, rutas que se redefinen para axustalas á demanda e outras totalmente novas. Todas as rutas, horarios e períodos de prestación de servizos poden consultarse na páxina web www.cptopt.xunta.es.



A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes puxo en funcionamento o *Noitebús* por primeira vez no verán de 2006 como unha experiencia piloto en determinados concellos que logo se repetiu nas campañas de Nadal dese mesmo ano e na Semana Santa de 2007. A partires do verán de 2007, deixou de ser un programa piloto para converterse nun servizo con vocación de permanencia e continuidade, para o cal a CPTOPT habilitou unha liña de subvencións dirixida a concellos e empresas de transporte interesados en implantar rutas *Noitebús*. Dende que se creou este servizo no verán de 2006, foi empregado por aproximadamente 150.000 persoas. O *Noitebús* enmárcase dentro das medidas que contempla o Plan Galego de Seguridade Viaria para que os mozos dispoñan dunha alternativa de transporte nocturno seguro nos seus desprazamentos a zonas de ocio.



A XUNTA FOMENTA A ESPECIALIZACIÓN DO ALUMNADO UNIVERSITARIO GALEGO CONVOCANDO 122 BOLSAS DE POSGRAO

- ***A Administración educativa investirá preto de 1 millón de euros en axudas para a realización no curso 2008/09 e en universidades galegas de estudos oficiais de posgrao conducentes ao título de máster***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo polo que se aproban compromisos de carácter plurianual na orde pola que se convocan bolsas de nova adxudicación e prórrogas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) conducentes ao título de máster. A Consellería de Educación investirá un total de 968.220 euros nestas axudas, distribuído este importe entre 2008 e 2009.

En total, convocaranse 122 bolsas para a realización de estudos oficiais de posgrao nas universidades galegas, das cales 77 son de nova adxudicación e 45 para prórrogas. Estas axudas teñen como finalidade contribuír á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora co obxecto de lograr a súa capacitación co fin de integrarse no ámbito laboral europeo cunha cualificación profesional apropiada favorecendo a posta en marcha do proceso de adaptación do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

A duración das bolsas é de 12 meses comprendidos entre outubro de 2008 e setembro de 2009, e a súa dotación será de 600 euros mensuais; os beneficiarios percibirán, así mesmo, o importe de 500 euros en concepto de axuda á matrícula co pagamento do primeiro trimestre da bolsa. Os/as bolseiros/as disporán dun sistema de cobertura sanitaria.

No caso das bolsas de nova adxudicación, a selección realizaraa unha comisión constituída por tres representantes da Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do SUG, que elixirán os bolseiros/as en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, por área de coñecemento a que pertence a titulación coa que accede ao máster, segundo as nota media do expediente académico persoal do/a alumno/a nos cursos 2004/05, 2005/06 e 2006/07.

Para poder acceder ás bolsas para a realización da prórroga dos estudos oficiais de posgrao, os/as bolseiros/as deberán xustificar ter superados a totalidade dos créditos establecidos na súa matrícula no curso 2007/08 e estar matriculados/as no curso académico 2008/09 no segundo ano do bienio dos estudos de posgrao impartidos nas universidades da Comunidade Autónoma galega.

A través desta convocatoria de bolsas, a Administración educativa autonómica contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).



A XUNTA COLABORA CON GAS GALICIA PARA LEVAR A SUBMINISTRACIÓN DE GAS NATURAL ÁS LOCALIDADES DE CARRAL, BARREIROS, ARCADE, RIBEIRA, CERVO E SALVATERRA DE MIÑO

- ***A Consellería de Innovación e Industria achegará o 30 por cento do investimento preciso para a execución das obras, que se eleva a 8.285.499 euros***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, asinará un convenio de colaboración con *Gas Galicia* para a subministración de gas natural nas localidades de Carral (A Coruña), Barreiros (Lugo), Arcade (Soutomaior, Pontevedra), Ribeira (A Coruña), Cervo (Lugo) e Salvaterra de Miño (Pontevedra). O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura deste convenio, que se encadra no acordo de colaboración da Consellería de Innovación e Industria coa devandita empresa subministradora de gas para o desenvolvemento da IV Fase de gasificación de Galicia.

O investimento preciso para a construción da infraestrutura gasista necesaria para adiantar a subministración de gas natural aos concellos referidos suma 8.285.499 euros, dos cales *Gas Galicia* achegará o 70 por cento e a Consellería de Innovación e Industria o 30 por cento restante. Por localidades, o investimento desagregase da seguinte maneira: Carral, 901.506 euros; Barreiros, 1.133.870 euros; Arcade, 556.354 euros; Ribeira, 3.428.366 euros; Cervo, 989.100 euros, e Salvaterra de Miño, 1.276.303 euros.

En todos os casos, os proxectos de execución prevén a construción de plantas de gas natural licuado agás o de Arcade, que se alimentará desde a rede de Redondela. As obras de construción destas redes de subministración culminarán no ano 2010.



O PROGRAMA CIDADANÍA DIXITAL EN GALICIA REFORZARASE CUNHA NOVA ACHEGA DE 3 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Innovación e o Ministerio de Industria asinarán unha addenda ao convenio de colaboración existente entre ambas as administracións para o desenvolvemento do programa Cidadanía Dixital no ámbito do Plan Avanza***

O Goberno galego, a través da Consellería de Innovación e Industria, asinará unha addenda ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a Xunta para o desenvolvemento do Programa Cidadanía Dixital no ámbito do *Plan Avanza*. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura desta addenda, que prevé unha achega de 1.842.077 euros por parte do Ministerio e de 1.229.000 euros por parte da Consellería de Innovación e Industria.

O programa Cidadanía Dixital enmárcase na área de actuación de “Fogar e Inclusión de Cidadáns” do *Plan Avanza* e ten por obxecto incrementar o número de usuarios da internet. A nova addenda que se asinará habilita a Consellería de Innovación e Industria para desenvolver varias actuacións, como a convocatoria dunha liña de axudas para a produción e publicación en rede de contidos dixitais (publicación de contidos xa existentes ou produción e publicación de novos contidos), innovadores e de calidade, fomentándose a creatividade e a innovación; outra convocatoria de premios ao desenvolvemento dos mellores contidos para a internet, especialmente relacionados coa lingua e cultura galegas; así como a colaboración cos colexios profesionais de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de fomento da sociedade da información.



O GOBERNO GALEGO MELLORA AS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO ADSCRITO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS

- ***O acordo asinado coas organizacións sindicais asinantes (CIG, FSP-UXT e CC.OO.) recolle maior dispoñibilidade durante a tempada de alto risco e a organización de quendas de libranza para garantir a presenza física ininterrompida***
- ***Detalla o réxime e prestación de servizos, xornada de traballo, réxime horario en período extraordinario, vacacións, permisos e licenzas, réxime retributivo, reclasificación de categorías e medios materiais para o desenvolvemento do traballo.***

A Consellería do Medio Rural asinou un acordo coas organizacións sindicais sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta. Este acordo permite manter durante o período de perigo alto un dispositivo de persoal técnico durante as 24 horas do día, os 7 días da semana, de forma continuada. Con isto vaise contribuír a unha mellor atención do servizo de emerxencias contra os incendios forestais.

Para os efectos de prestación de servizos divídese o ano en dous períodos, un ordinario que abrangue oito meses e outro extraordinario, que se corresponde coa época de perigo alto –xullo, agosto e setembro- máis un mes que está por determinar e que será decidido en función do risco de incendios forestais. Este período dun mes poderá fraccionarse e o calendario de quendas de gardas establecerase en función do nivel de perigo de incendios, a partir dunha avaliación da frecuencia, causalidade, combustibilidade, vulnerabilidade e en función do risco potencial en cada distrito. Xa que logo, neste período as quendas poderán ser diferentes en cada distrito forestal.

Durante o período extraordinario, os técnicos prestarán os seus servizos realizando labores de dirección e coordinación dos medios en quendas de garda, cunha duración de 24 horas consecutivas que se dividirán en 12 horas de presenza física e 12 de garda localizada, onde terán a obriga de atender situacións de emerxencia. Logo da realización da garda de 24 horas, terán un descanso consecutivo de 48 horas.

Dentro do primeiro trimestre de cada ano, confeccionarase un cadrante de traballo no que se reflectirán as vacacións do persoal a que se refire o acordo. As vacacións estableceranse con carácter xeral fóra do período estival de alto risco, sen prexuízo do desfrute de 15 días naturais nos meses de xullo e setembro por solicitude de cada funcionario de xeito graduado en función de necesidades do servizo con base en condicións obxectivas. Durante o mes de agosto, non se desfrutarán vacacións con carácter xeral, agás autorización expresa da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, supeditada ás necesidades do servizo en función do risco de incendios forestais.



O GOBERNO GALEGO ACHEGA 231.000 EUROS PARA CONTINUAR CO PROCESO DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA

- ***O proxecto 'As vítimas, os nomes, as voces e os lugares' entra na súa terceira fase, centrada na identificación das vítimas e na recollida testemuñal***
- ***O catedrático da Universidade de Santiago Lourenzo Fernández Prieto é o encargado de dirixir estes traballos de investigación***
- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a ampliación para 2008 deste convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e as tres universidades galegas***

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, destina 231.000 euros ao proxecto *As vítimas, os nomes, as voces e os lugares*. A dotación para este ano 2008 destinarase ao desenvolvemento da terceira fase deste programa investigador sobre a represión en Galicia durante a Guerra Civil e comezos da ditadura franquista. En concreto, esta etapa do proxecto vaise centrar na identificación das vítimas dos primeiros anos da represión (entre 1936 e 1943) e a recollida do testemuño dos represaliados, ou dos seus descendentes, na posguerra dos anos 40.

As tres universidades galegas participan nesta investigación dirixida polo catedrático da Universidade de Santiago Lourenzo Fernández Prieto, quen encabeza un equipo integrado por oito especialistas.

653.000 euros para a investigación do pasado

Con esta nova achega, a Consellería de Cultura e Deporte suma máis de 653.000 euros investidos na recuperación da memoria e na dignificación dos represaliados galegos. O resultado deste traballo será accesible para o persoal investigador e o público en xeral grazas á base de datos de acceso libre, na cal se incluírán material audiovisual e mesmo diarios de represaliados.



A XUNTA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS RENOVAN O ACORDO QUE PERMITE DESENVOLVER INVESTIGACIÓN E DOCENCIA UNIVERSITARIA NOS HOSPITAIS PÚBLICOS

- ***A achega deste convenio, polo que se regula a colaboración entre a sanidade pública galega e as tres institucións académicas, supera os 6 millóns de euros***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe tres concertos subscritos entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e cada unha das tres universidades galegas para o segundo semestre de 2008 e o primeiro semestre de 2009 por un importe total de 6.527.735 euros.

Mediante estes concertos régúlase a colaboración entre a sanidade pública galega e as tres institucións académicas para que o persoal das universidades poida utilizar as instalacións sanitarias para a investigación e docencia, xa que estes profesionais desenvolven parte da súa actividade nos hospitais pertencentes ao Servizo Galego de Saúde.

En consecuencia, e en virtude destes convenios, o Servizo Galego de Saúde contribúe ao pagamento dunha porcentaxe das retribucións dese persoal. En función do número de persoal vinculado en cada universidade acordouse unha achega de 5.285.916 euros para o concerto coa Universidade de Santiago de Compostela; 1.157.039 euros para o establecido coa da Coruña, e 84.780 euros para o da Universidade de Vigo. Estas cantidades están determinadas polo número de profesionais que desenvolven a súa actividade nos hospitais da rede pública galega.



A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 5,7 MILLÓNS DE EUROS PARA A DOTACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NA ZONA RURAL DE PONTEVEDRA

- **O Goberno galego autorizou hoxe a subscripción do convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Pontevedra para levar a cabo a construción de redes de sumidoiro en oito parroquias**
- **O acordo suporá un investimento 4 millóns de euros por parte da consellería os vindeiros tres anos –ata 2010 inclusive-, mentres que o concello achegará o resto do financiamento, 1,7 millóns**
- **As actuacións desenvolveranse nos núcleos rurais de Tomeza, Lérez, Cerponzóns, Mourente, Ponte Sampaio, Alba, Campañó e Marcón**

O Consello da Xunta aprobou hoxe, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o convenio de colaboración que permitirá a execución de obras de saneamento na zona rural de Pontevedra por importe de 5.714.285 euros. As actuacións plasmaranse nun convenio de colaboración que asinarán a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), que correrá co 70 por cento do financiamento das obras (4 millóns de euros), e o Concello de Pontevedra, que se fará cargo do importe restante (1,7 millóns de euros).

O acordo recolle a execución dun total de oito proxectos, que se desenvolverán nas parroquias de Tomeza, Lérez, Cerponzóns, Mourente, Ponte Sampaio, Alba, Campañó e Marcón. En cada unha delas construírse unha rede de sumidoiros, que permitirá dotar de servizo de saneamento estes núcleos rurais.

O convenio estenderase ata o remate de todas as obras previstas e o financiamento, no caso do departamento autonómico, realizarase con cargo ao orzamento deste exercicio (que recolle unha partida de 500.000 euros) e ao dos dous vindeiros anos (2 millóns en 2009 e 1,5 millóns en 2010).

En virtude deste convenio será competencia da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos a licitación, adxudicación, execución e dirección das seguintes obras:

<i>Rede de sumidoiros na parroquia de Tomeza. IV fase.</i>	<i>780.705,94 €</i>
<i>Rede de sumidoiros na parroquia de Lérez. V Fase.</i>	<i>962.776,36 €</i>
<i>Rede de sumidoiros na parroquia de Cerponzóns. II Fase</i>	<i>276.060 €</i>
<i>Rede de sumidoiros na parroquia de Ponte Sampaio. III Fase.</i>	<i>605.863,63 €</i>
<i>Rede de sumidoiros na parroquia de Mourente. III Fase</i>	<i>1.374.591,07 €</i>
<i>Total</i>	<i>4.000.000 €</i>



Unha vez rematadas e recibidas, a Eposh fará entrega ao concello das actuacións anteriormente citadas.

Pola súa banda, o Concello de Pontevedra licitará, adxudicará, dirixirá e executará as seguintes actuacións:

<i>Rede de sumidoiros da parroquia de Alba</i>	<i>218.109,99 €</i>
<i>Rede de sumidoiros de Campañó</i>	<i>892.639,47 €</i>
<i>Rede de sumidoiros de Lérez</i>	<i>47.476,42 €</i>
<i>Rede sumidoiros de Marcón</i>	<i>556.059,83 €</i>
<i>Total</i>	<i>1.714.285,71 €</i>

A execución deste convenio é a plasmación do Protocolo Xeral de Colaboración asinado, en outubro de 2006, entre a Consellería de Medio Ambiente, o organismo autónomo Augas de Galicia e o Concello de Pontevedra para a execución de obras de saneamento nas parroquias do municipio. Este documento establecía que o seu desenvolvemento se realizaría mediante a subscripción de convenios de colaboración referentes ás obras que ían executar, como o aprobado hoxe no Consello da Xunta.



O GOBERNO GALEGO DESTINA 200.000 EUROS Á REHABILITACIÓN DO CONTORNO DA PRAIA DO BAO, NA ILLA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

- ***As actuacións, recollidas nun convenio aprobado hoxe, recollen a eliminación de elementos pétreos de formigón que invaden tanto as zonas verdes como a ribeira do mar do areal***

O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e o Concello da Illa de Arousa que permitirá a rehabilitación do contorno da praia do Bao, na localidade pontevedresa. Con este acordo, a administración autonómica persegue dous obxectivos: a recuperación dun espazo e o seu acondicionamento como área de lecer para que os cidadáns poidan gozar do entorno natural que lles ofrece o citado areal.

O proxecto consistirá na eliminación de elementos pétreos de formigón, que invaden tanto a zona de ribeira de mar como as áreas verdes contiguas, ademais de sanear e dotar estas dos equipamentos necesarios e axeitados á finalidade de lecer que están destinadas.

A Consellería de Medio Ambiente financiará estas actuacións con cargo aos orzamentos deste ano, e o Concello da Illa de Arousa encargarse de levar a cabo todas as actuacións necesarias para a execución das obras, así como a obtención de permisos, autorizacións e licenzas que sexan necesarias.



A XUNTA FINANCIARÁ CON CASE 700.000 EUROS A CONSTRUCCIÓN DUNHA DEPURADORA E AS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN MUÍÑOS (OURENSE)

- ***A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), financiará a totalidade da obras previstas, que contan cun prazo de execución de cinco meses***

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh), vai executar o proxecto para dotar de redes de abastecemento e saneamento e dunha depuradora de augas residuais o lugar de Mugueimes, pertencente á localidade ourensá de Muíños. A actuación, aprobada hoxe no Consello da Xunta, conta cun orzamento de 695.000 euros, que serán financiados integramente pola Administración autonómica.

O proxecto recolle as actuacións necesarias para dotar o núcleo de Mugueimes das infraestruturas de saneamento e abastecemento de augas necesarias para mellorar a calidade de vida e as condicións ambientais dos seus cidadáns.

As obras comprenden a execución de pozos, colectores e ramais da rede de sumidoiros, así como do sistema de depuración de augas residuais. No que respecta á depuradora, cabe sinalar que se trata dunha infraestructura proxectada para dar servizo a 350 habitantes e conta cun sistema de desinfección por raios ultravioleta e un caudal máximo de tratamento de 9,4 metros cúbicos/hora.

Todas estas infraestruturas deberán estar rematadas nun prazo de cinco meses desde a adxudicación das obras, segundo consta no acordo aprobado hoxe.